

RAYMOND CHANDLER

O longo adeus

Traducido por Diego Ameixeiras e Alejandro Tobar



Hugin e Munin

A primeira vez que o vin, Terry Lennox estaba bébedo nun Rolls-Royce Silver Wraith, no exterior da terraza de The Dancers. O aparcacoches trouxera o vehículo até a entrada e aínda mantiña a porta aberta, xa que o pé esquerdo de Terry Lennox seguía a pendurar para fóra, coma se esquecese que era seu. Presentaba un aspecto xuvenil, malia ter o cabelo cano e amarelento. Notábase-lle nos ollos que apañara unha chea de sete estalos, pero polo resto semellaba un tipo formal calquera, vestido de etiqueta, que gastara máis cartos dos que debía nun local sen máis propósito ca ese.

Ía acompañado dunha rapaza cun fermoso cabelo cobreado, cuxos beizos debuxaban un sorriso distante e que levaba sobre os ombros un visón azul que case convertía o Rolls-Royce nun automóbil ordinario. Pero non o conseguía. Nada poder conseguir algo así.

O aparcacoches era o típico medio matón que levaba unha chaqueta branca co nome do restaurante bordado en vermello no peto. Comezaba a ter o azougue.

—Escoite, home —dixo erguendo o ton de voz—. Importaríalle moito meter a perna dentro do coche para que poida pechar a porta? Ou prefire que a abra de todo para ver se afociña?

A rapaza lanzoulle unha mirada que se diría unha trepanación de cando menos dez centímetros. O tipo non se

puxo a tremelicar. The Dancers é frecuentado pola clase de xente que che fai perder a esperanza de que se volvan mellores persoas por gastaren unha morea de cartos en xogar ao golf.

Entrou no aparcadoiro un cabriolé deportivo de importación, co chasis baixo. Un home saíu do seu interior e prendeu un deses cigarros longos co acendedor do cadro de mandos. Levaba un xersei a cadros, pantalóns amarelos e botas de montar. Camiñou deixando atrás unha nube de incenso, sen ollar para o Rolls-Royce. Poida que o considerase unha mexericada. Detívose para axustar o monóculo ao pé da escaleira que conducía á terraza.

A rapaza dixo cun cativador rauto de entusiasmo:

—Teño unha idea estupenda, querido. Por que non imos en taxi á túa casa e collemos o cabriolé? Vai unha noite preciosa para pasear pola costa até Montecito. Sei duns amigos que dan unha festa ao redor da súa piscina.

O tipo do pelo branco respondeu con educación:

—Ben que o sinto, pero xa non o teño. Non me quedou outra opción que vendelo.

Pola súa voz e o xeito de vocalizar, ninguén pensaría que bebera algo máis forte ca un zume de laranxa.

—Vendíchelo, querido? Que queres dicir?

A rapaza escorregou polo asento para se arredar do tipo, mais foi a súa voz a que se afastaría de todo.

—Quero dicir que tiven que facelo —matizou el—. Precisaba cartos para comer.

—Entendo.

Era imposible que naquel intre se puidese derreter unha bóla de xeado na boca da rapaza.

O empregado do aparcadoiro xa tiña o tipo do cabelo branco onde o necesitaba. Entre a xente que manexa o xusto para ir tirando.

